

## DECRETO DA ALCALDÍA

**ASUNTO: CONVOCATORIA DE SESIÓN EXTRAORDINARIA DE ORGANIZACIÓN DA NOVA CORPORACIÓN LOCAL 2019-2023**

**EXPEDIENTE: 2019/G003/001829**

### **ANTECEDENTES:**

De acordo co establecido no artigo 38 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF), aprobado polo Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro no trinta días seguintes ó da sesión constitutiva o alcalde convocará sesión extraordinaria de organización da nova Corporación Local.

Por todo o exposto, en uso das atribucións que me confire o artigo 21 Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local (LRBRL), **Resolvo:**

Convocar **Sesión Extraordinaria de Organización da nova Corporación Local 2019-2023**, no Salón de Plenos da Casa Consistorial ás 20:30 horas do día 2 de xullo de 2019 (martes), con arranxo á seguinte orde do día:

### **ORDE DO DÍA:**

#### **A) PARA DAR CONTA:**

**Punto Primeiro.- Constitución de grupos políticos municipais.**

**Punto Segundo.- Resolucións da Alcaldía en materia de nomeamento de tenentes de alcalde, membros de Xunta de Goberno Local, creación de concellerías delegadas e delegacións conferidas.**

#### **B). PARA DELIBERACIÓN E ACORDO:**

**Punto Terceiro.- Aprobación da acta da sesión constitutiva da Corporación.**

**Punto Cuarto.- Periodicidade das sesións ordinarias do Pleno.**

**Punto Quinto.- Periodicidade das sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local.**

**Punto Sexto.- Creación e composición de Comisións Informativas Permanentes.**

**Punto Sétimo.- Nomeamento de representantes da Corporación en órganos colexiados competencia de Pleno.**

**Punto Oitavo.- Delegacións do Pleno na Xunta de Goberno Local.**

**Punto Noveno .- Dotación de medios en favor dos grupos políticos.**

**Punto Décimo.- Creación de postos de traballo de persoal eventual de confianza.**

**Punto Décimo Primeiro.- Asignación de dedicacións exclusivas e parciais.**

Ames, 27 de xuño de 2019

O alcalde

A secretaria

José M. Miñones Conde

Rosa Ana Prado Queipo